



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 218 · Xoves, 22 setembro 2022

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Acordo de resolución do concurso público para a concesión de subvencións para gastos de investimento de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2022 (exp. 2022/4797T)..... 2

IV. ENTIDADES LOCAIS

Boborás

Convocatoria e bases polas que se rexerá o concurso-oposición para seleccionar e contratar temporalmente unha persoa técnica de orientación laboral durante 12 meses 4

Toén

Modificación puntual núm. 2 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Toén no núcleo rural da Verea..... 4

Verea

Exposición pública da aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 23/2022..... 10

Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos 20/2022..... 11

Verín

Exposición pública da aprobación inicial do orzamento xeral para o exercicio económico 2022..... 11

Xunqueira de Ambía

Convocatoria e bases de selección para a contratación laboral temporal dun/dunha traballador/a social ata o 31/12/2022 e chamamento ao concurso (exp. 369/2022)..... 12

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Acuerdo de resolución del concurso público para la concesión de subvenciones para gastos de inversión de asociaciones vecinales de Ourense correspondientes al ejercicio 2022 (exp. 2022/4797T)..... 3

IV. ENTIDADES LOCALES

Boborás

Convocatoria y bases por las que se regirá el concurso-oposición para seleccionar y contratar temporalmente a una persona técnica de orientación laboral durante 12 meses..... 4

Toén

Modificación puntual núm. 2 del Plan General de Ordenación Municipal del Ayuntamiento de Toén en el núcleo rural de A Verea.... 7

Verea

Exposición pública de la aprobación inicial del expediente de modificación de créditos 23/2022..... 11

Aprobación definitiva del expediente de modificación de créditos 20/2022..... 11

Verín

Exposición pública de la aprobación inicial del presupuesto general para el ejercicio económico de 2022..... 12

Xunqueira de Ambía

Convocatoria y bases de selección para la contratación laboral temporal de un/a trabajador/a social hasta el 31/12/2022 y llamamiento al concurso (exp. 369/2022)..... 12



I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Negociado de Secretaría Xeral

Para os efectos oportunos, publícase que a Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do 12 de setembro de 2022, adoptou o acordo de resolución do concurso público para a concesión de subvencións para gastos de investimento de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2022 (BOP núm. 84, do 12 de abril de 2022), nos seguintes termos:

1.º) Excluir da valoración a seguinte solicitude, no concurso público para a concesión de subvencións para gastos de investimento de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2022, polo motivo que se indica:

1.1 Por incumprir o que dispón a base cuarta da convocatoria, ao non achegar parte da documentación valorable, feito que imposibilita a súa valoración:

Solicitante; CIF; Concello; Proxecto; Motivo da exclusión

1; Asociación Vecinal, Cultural y Deportiva de Cantoña; G32152613; Paderne de Allariz; Rehabilitación do forno de Cantoña; - Non presenta memoria ou proxecto técnico. - Non acredita, ademais, a titularidade ou dereito real do forno.

2; Asociación Veciñal Castrelo de Cima e Queimas; G32495038; Riós; Recuperación do antigo forno da Vila; - Non achega a memoria ou proxecto técnico e este é necesario.

1.2 Por non acreditar a titularidade do local social:

Solicitante; CIF; Concello; Proxecto; Motivo da exclusión

1; Asociación Vecinal, Cultural y Deportiva de Cantoña; G32152613; Paderne de Allariz; Melloras do local social; - Non acredita a titularidade do local obxecto das obras que se requiren subvencionar, xa que o contrato de compravenda presentado non identifica o local.

2; Asociación de Veciños de Vilardecervos; G32301624; Vilardevós; Rehabilitación do centro social; Non acredita a titularidade.

1.3 Por tratarse dunha actividade que incumpre o que dispón a base primeira relativa ao obxecto subvencionable, ao non ter encaixe na presente convocatoria:

Solicitante; CIF; Concello; Proxecto; Motivo da exclusión

1; Asoc. de Veciños Amigos do Río Mao; G32468126; Lobios; Ecovía interpretativa e patr. natural e etn. dos ríos do Xurés; - A actividade non ten encaixe nesta convocatoria, xa que unha vez examinada a documentación presentada, o proxecto para o que se solicita a subvención non garda relación coa finalidade desta.

2; Asociación de Veciños de Puxedo; G32388738; Lobios; Rehabilitación dun muro de cachotería na Fonte Pequena; -A actividade non ten encaixe nesta convocatoria, xa que unha vez examinada a documentación presentada, o proxecto para o que se solicita a subvención non garda relación coa finalidade desta.

3; Asociación de Veciños Montes de Puxedo, Guede e A Cela; G32474066; Lobios; Rehabilitación dun muro de cachotería na Eira da fonte; - A actividade non ten encaixe nesta convocatoria, xa que unha vez examinada a documentación presentada, o proxecto para o que se solicita a subvención non garda relación coa finalidade desta.

4; Asociación Veciñal O Candil-Aguil; G67989145; Castro Caldelas; Obras de humanización e adecuación de Aguil; - A actividade non ten encaixe nesta convocatoria. - Non ten a

titularidade do lavadoiro, que pertence ao Concello de Castro Caldelas.

5; Asociación de Veciños Santo Estevo; G32250342; Rubiá; Proxecto de limpeza e documentación da Ermida de Santo Tomás.; - A actividade non ten encaixe nesta convocatoria, xa que unha vez examinada a documentación presentada, o proxecto para o que se solicita a subvención non garda relación coa finalidade desta.

Con respecto á subvención solicitada pola Asociación de Veciños de Albite para o proxecto "Acondicionamento do contorno da aldea de Albite e adquisición de dous inmobles", só poden admitirse, ao abeiro desta convocatoria, os gastos subvencionables nesta de acordo co que dispón a base sexta, en concreto, o pechamento de madeira para a Casa Social, por importe de 1.500,00 €, e a adquisición de dous inmobles, por importe de 15.000, 00 € e 7.000,00 €, respectivamente. Os outros gastos do orzamento presentado non encaixan nesta convocatoria.

2.º) Concederlles, conforme á valoración efectuada, no concurso público para a concesión de subvencións para gastos de investimento de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2022, as subvencións, polos importes que se indican, aos proxectos seguintes:

Solicitante; CIF; Concello; Proxecto; Importe concedido

Asoc. de Mulleres Rurais A Arnoia; G32181703; A Arnoia; Equipamento e mellora local-dinamización rural; 1.964,67 €

Asoc. de Mulleres Rurais Fonte do Sapo; G32387698; Verín; Acondicionamento e mellora local-dinamización rural; 801,52 €

Asoc. de Pensionistas e Xubilados Fonval; G32256661; Barbadás; 5 Caldeiras cuba en aceiro inoxidable; 5.384,50 €

Asoc. de Veciños Laxas; G32031544; Ourense; Mobles de cociña para o local social; 575,02 €

Asoc. de Veciños Peliquín-Catro Camiños; G32104572; Ourense; Cociña e lavalouza; 1.040,00 €

Asociación Centro de Animación Rural Mulleres da Veiga; G32218612; A Veiga; Acondicionamento e mellora local-dinamización rural; 1.424,65 €

Asociación Cultural Prada; G32363582; O Barco de Valdeorras; Xogos ao aire libre; 313,94 €

Asociación de Veciños A Granxa; G32111809; Ourense; Equipamento do Centro Social A Granxa; 1.199,51 €

Asociación de Veciños Albite; G32499311; Beariz; Acondicionamento do contorno da aldea de Albite e adquisición de dous inmobles; 6.757,02 €

Asociación de Veciños Casasoá San Mamede; G32309684; Xunqueira de Ambía; Melloras local; 900,00 €

Asociación de Veciños Casasoá San Mamede; G32309684; Xunqueira de Ambía; Xogo de cubertos+vaixela+útiles; 1.200,00 €

Asociación de Veciños Casasoá San Mamede; G32309684; Xunqueira de Ambía; Carpintería de aluminio; 2.000,00 €

Asociación de Veciños da Parroquia de San Mamede; G32147472; Allariz; Equipamento da sala de reunións; 2.227,79 €

Asociación de Veciños de Castro de Beiro; G32107310; Ourense; Estores do local social; 205,55 €

Asociación de Veciños de Rabo de Galo; G32104564; Ourense; Mellora do Local Social Rabo de Galo; 481,80 €

Asociación de Veciños San Lorenzo de Piñor; G32104333; Barbadás; Equipamento do palco e caixas do correo; 1.681,69 €

Asociación de Veciños Santa Ana do Pino; G32148173; Ourense; Adquisición dun ordenador portátil; 873,20 €

Asociación Vecinal Oira Ribeira Miño; G32275000; Ourense; Mellora da cociña do local social; 3.567,71 €

Asociación Vecinal Quince de Agosto; G32399933; Ourense; Equip. do centro social: antena de TV, conxelador, cafeteira e aspirador robot; 1.937,14 €

Asociación de Vecinos Loureiro; G32228777; Ourense; Compra de material de ximnasia e 15 cadeiras pregables; 1.175,65 €

Asociación de Vecinos San Pedro A Mezquita; G32117350; A Merca; Adquisición de equipamento sociocultural; 2.381,04 €

Asociación Veciñal Santa Mariña de Entrambosríos; G32161770; A Merca; Mellora da capacidade de xestión administrativa da asociación; 1.052,71 €

Asociación Veciñal Souto Sanín; G01893973; Ourense; Dotación de equipamento audiovisual; 854,90 €

Total: 40.000,00 €

Contra este acordo, pódese interpor, potestativamente, un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno desta deputación, no prazo de 1 mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, sen que se poidan compaxinar ambos os recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao de publicarse este anuncio no BOP.

Ourense, 13 de setembro de 2022. O deputado delegado de Economía e Facenda.

Asdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.

Diputación Provincial de Ourense

Negociado de Secretaría General

A los efectos oportunos, se publica que la Junta de Gobierno, en la sesión ordinaria de 12 de septiembre de 2022, adoptó el acuerdo de resolución del concurso público para la concesión de subvenciones para gastos de inversión de asociaciones vecinales de Ourense correspondientes al ejercicio 2022 (BOP núm. 84, de 12 de abril de 2022), en los siguientes términos:

1.º) Excluir de la valoración la siguiente solicitud, en el concurso público para la concesión de subvenciones para gastos de inversión de asociaciones vecinales de Ourense correspondientes al ejercicio 2022, por el motivo que se indica:

1.1 Por incumplir lo que dispone la base cuarta de la convocatoria, al no aportar parte de la documentación valorable, hecho que imposibilita su valoración:

Solicitante; CIF; Ayuntamiento; Proyecto; Motivo de la exclusión

1; Asociación Vecinal, Cultural y Deportiva de Cantoña; G32152613; Paderne de Allariz; Rehabilitación del horno de Cantoña; - No presenta memoria o proyecto técnico. - No acredita, además, la titularidad o derecho real del horno.

2; Asociación Veciñal Castrelo de Cima e Queimas; G32495038; Ríos; Recuperación del antiguo horno de la aldea; - No aporta la memoria o proyecto técnico, siendo este necesario.

1.2 Por no acreditar la titularidad del local social:

Solicitante; CIF; Ayuntamiento; Proyecto; Motivo de la exclusión

1; Asociación Vecinal, Cultural y Deportiva de Cantoña; G32152613; Paderne de Allariz; Mejoras del local social; - No acredita la titularidad del local objeto de las obras que se quieren subvencionar, ya que el contrato de compraventa presentado no identifica el local.

2; Asociación de Veciños de Vilardecervos; G32301624; Vilardevós; Rehabilitación del centro social; - No acredita la titularidad.

1.3 Por tratarse de una actividad que incumple lo que dispone la base primera relativa al objeto subvencionable, al no tener encaje en la presente convocatoria:

Solicitante; CIF; Ayuntamiento; Proyecto; Motivo de la exclusión

1; Asoc. de Veciños Amigos do Río Mao; G32468126; Lobios; Ecovía interpretativa patr. natural y etn. de los ríos del Xurés; - La actividad no tiene encaje en esta convocatoria, ya que una vez examinada la documentación presentada, el proyecto para el que se solicita la subvención no guarda relación con la finalidad de esta.

2; Asociación de Veciños de Puxedo; G32388738; Lobios; Rehabilitación de un muro de mampostería en A Fonte Pequena; - La actividad no tiene encaje en esta convocatoria, ya que una vez examinada la documentación presentada, el proyecto para el que se solicita la subvención no guarda relación con la finalidad de esta.

3; Asociación de Veciños Montes de Puxedo, Guede e A Cela; G32474066; Lobios; Rehabilitación de un muro de mampostería en Eira da Fonte; - La actividad no tiene encaje en esta convocatoria, ya que una vez examinada la documentación presentada, el proyecto para el que se solicita la subvención no guarda relación con la finalidad de esta.

4; Asociación Veciñal O Candil-Aguil; G67989145; Castro Caldelas; Obras de humanización y adecuación de Aguil; - La actividad no tiene encaje en esta convocatoria. - No tiene la titularidad del lavadero, que pertenece al Ayuntamiento de Castro Caldelas.

5; Asociación de Veciños Santo Estevo; G32250342; Rubiá; Proyecto de limpieza y documentación de la Ermita de Santo Tomás; - La actividad no tiene encaje en esta convocatoria, ya que una vez examinada la documentación presentada, el proyecto para el que se solicita la subvención no guarda relación con la finalidad esta.

Con respecto a la subvención solicitada por la Asociación de Veciños de Albite para el proyecto "Acondicionamiento del entorno de la aldea de Albite y adquisición de dos inmuebles", sólo pueden admitirse, al amparo de esta convocatoria, los gastos subvencionables en ella de acuerdo con lo que dispone la base sexta, en concreto, el cierre de madera para la casa social, por importe de 1.500,00 €, y la adquisición de dos inmuebles, por importe de 15.000,00 € y 7.000,00 €, respectivamente. Los otros gastos del presupuesto presentado no encajan en esta convocatoria.

2.º) Conceder, conforme a la valoración efectuada, en el concurso público para la concesión de subvenciones para gastos de inversión de asociaciones vecinales de Ourense correspondientes al ejercicio 2022, las subvenciones, por los importes que se indican, a los proyectos siguientes:

Solicitante; CIF; Ayuntamiento; Proyecto; Importe concedido

Asoc. de Mulleres Rurais A Arnoia; G32181703; A Arnoia; Equipamiento y mejora local-dinamización rural; 1.964,67 €

Asoc. de Mulleres Rurais Fonte do Sapo; G32387698; Verín; Acondicionamiento y mejora local-dinamización rural; 801,52 €

Asoc. de Pensionistas e Xubilados Fonval; G32256661; Barbadás; 5 Calderas cuba en acero inoxidable; 5.384,50 €

Asoc. de Veciños Laxas; G32031544; Ourense; Muebles de cocina para el local social; 575,02 €

Asoc. de Veciños Peliquín-Catro Camiños; G32104572; Ourense; Cocina y lavavajillas; 1.040,00 €

Asociación Centro de Animación Rural Mulleres de A Veiga; G32218612; A Veiga; Acondicionamiento y mejora local-dinamización rural; 1.424,65 €



Asociación Cultural Prada; G32363582; O Barco de Valdeorras; Juegos al aire libre; 313,94 €

Asociación de Veciños A Granxa; G32111809; Ourense; Equipamiento del Centro Social A Granxa; 1.199,51 €

Asociación de Veciños Albite; G32499311; Beariz; Acondicionamiento del entorno de la aldea de Albite y adquisición de dos inmuebles; 6.757,02 €

Asociación de Veciños Casasoá San Mamede; G32309684; Xunqueira de Ambía; Mejoras local; 900,00 €

Asociación de Veciños Casasoá San Mamede; G32309684; Xunqueira de Ambía; Cubertería+vajilla+utillaje; 1.200,00 €

Asociación de Veciños Casasoá San Mamede; G32309684; Xunqueira de Ambía; Carpintería aluminio; 2.000,00 €

Asociación de Veciños da Parroquia de San Mamede; G32147472; Allariz; Equipamiento de la sala de reuniones; 2.227,79 €

Asociación de Veciños de Castro de Beiro; G32107310; Ourense; Estores del local social; 205,55 €

Asociación de Veciños de Rabo de Galo; G32104564; Ourense; Mejora del Local Social Rabo de Galo; 481,80 €

Asociación de Veciños San Lorenzo de Piñor; G32104333; Barbadás; Equipamiento de palco y buzones; 1.681,69 €

Asociación de Veciños Santa Ana do Pino; G32148173; Ourense; Adquisición de un ordenador portátil; 873,20 €

Asociación Vecinal Oira Ribeira Miño; G32275000; Ourense; Mejora de la cocina del local social; 3.567,71 €

Asociación Vecinal Quince de Agosto; G32399933; Ourense; Equip. del centro social: antena de TV, congelador, cafetera y aspirador robot; 1.937,14 €

Asociación de Vecinos Loureiro; G32228777; Ourense; Compra de material de gimnasia y 15 sillas plegables; 1.175,65 €

Asociación de Vecinos San Pedro A Mezquita; G32117350; A Merca; Adquisición de equipamiento sociocultural; 2.381,04 €

Asociación Veciñal Santa Mariña de Entrambosríos; G32161770; A Merca; Mejora de la capacidad de gestión administrativa de la asociación; 1.052,71 €

Asociación Veciñal Souto Sanín; G01893973; Ourense; Dotación de equipamiento audiovisual; 854,90 €

Total: 40.000,00 €

Contra este acuerdo, se puede interponer, potestativamente, un recurso de reposición ante la Junta de Gobierno de esta diputación, en el plazo de 1 mes, como trámite previo al contencioso-administrativo, o bien directamente un recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado Provincial de lo Contencioso-Administrativo, en el plazo de 2 meses, sin que se puedan simultanear ambos recursos. Los plazos indicados se computarán a partir del día siguiente al de publicarse este anuncio en el BOP.

Ourense, 13 de septiembre de 2022. El diputado delegado de Economía y Hacienda.

Fdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.

R. 2.240

IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

Boborás

A Alcaldía, mediante a Resolución do 16 de setembro de 2022, aprobou as bases polas que se rexerá o concurso-oposición para seleccionar e contratar temporalmente unha persoa técnica de orientación laboral por un período de doce meses.

Os/as interesados/as poderán presentar as súas solicitudes no Rexistro do Concello, de 8.00 a 14.30 h, ou por calquera dos

medios admitidos en dereito, durante o prazo de 5 días hábiles, que contarán desde o día seguinte ao de publicarse este anuncio no BOP.

As solicitudes recollerán os requisitos que establecen as bases, que se atopan á disposición do público nas oficinas municipais, na sede electrónica do Concello (boboras.sedelectronica.es) e na páxina web (www.boboras.gal).

Boborás, 16 de setembro de 2022. A alcaldesa.

Asdo.: Ana Patricia Torres Madureira.

La Alcaldía, mediante la Resolución de 16 de septiembre de 2022, aprobó las bases por las que se regirá el concurso-oposición para seleccionar y contratar temporalmente a una persona técnica de orientación laboral por un período de doce meses.

Los/as interesados/as podrán presentar sus solicitudes en el Registro del Ayuntamiento, en horario de 8.00 a 14.30 h, o por cualquiera de los medios admitidos en derecho, durante el plazo de 5 días hábiles, que se contarán desde el día siguiente al de publicarse este anuncio en el BOP.

Las solicitudes recogerán los requisitos que establecen las bases, que se encuentran a disposición del público en las oficinas municipales, en la sede electrónica del Ayuntamiento (boboras.sedelectronica.es) y en la página web: (www.boboras.gal).

Boborás, 16 de septiembre de 2022. La alcaldesa.

Fdo.: Ana Patricia Torres Madureira.

R. 2.281

Toén

A modificación puntual núm. 2 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Toén no núcleo rural da Vereá (Exp. 285/2019) foi aprobada definitivamente por Resolución do día 16 de xuño de 2022 da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DOG núm. 127, do 05/07/2022) e foi inscrita no Rexistro de Ordenación do Territorio e Plan Urbanístico de Galicia, do día 13/07/2022 (núm. Rexistro RPG/00049/2022). En cumprimento do disposto nos artigos 82 e 88.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, publícase a normativa da devandita modificación puntual núm. 2 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Toén no núcleo rural da Vereá no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Normativa urbanística

3.1. Réxime urbanístico

Os terreos delimitados no núcleo da Vereá serán destinados aos usos característicos ou compatibles coa edificación residencial, co medio rural en que se atopan e coas necesidades da súa poboación.

Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, reformar ou rehabilitar as existentes, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos de cesión indicados no plano de Ordenación Urbanística, segundo as aliñacións grafadas co fin de conseguir a regularización do viario. No caso da realización de novas edificacións, cambio de uso das existentes ou rehabilitacións integrais, serán a conta do propietario as conexións aos servizos existentes no núcleo ou nas súas proximidades. De non existir, resolveranse por medios individuais con cargo ao promotor ou promotora da edificación e con compromiso expreso de conexión cando se executen os servizos. Cando unha parcela, ou o resultado da agrupación de

varios lindeiros, por superar a superficie mínima establecida, teña que realizar cesións importantes para a ampliación do viario ata as aliñacións establecidas, poderá reducir a súa parcela neta ata o 90% da parcela mínima para poder ser edificable.

3.2. Solo de núcleo rural tradicional (SNRT)

3.2.1. Ámbito de aplicación

Os terreos incluídos neste tipo básico cuxa delimitación se atopa grafada nos planos correspondendo con SNRT caracterízanse polas súas condicións morfolóxicas, a tipoloxía tradicional das súas edificacións e a vinculación coa explotación racional dos recursos naturais. Segundo o expresado na análise do asentamento poboacional, no solo de núcleo rural tradicional dáse como tipoloxía edificatoria predominante a vivenda acaroadada ou entre medianeiras. É por iso que, ao amparo do disposto no art. 23.2 e 24.7 da LSG e o art. 38 do RLSG, vanse establecer condicións de edificación acordes coas existentes no núcleo, dispóndose como tipoloxía principal a predominante, é dicir, a acaroadada ou entre medianeiras. Permitirase a tipoloxía de edificación exenta de maneira excepcional nas condicións que seguidamente enumeraremos.

3.2.2. Usos permitidos

Segundo o recollido no art. 25 da LSG e no art. 39 do RLSG:

- Residencial de edificación unifamiliar
- Uso terciario
- Uso produtivo
- Uso turístico
- Actividades artesanais
- Invernadoiros
- Equipamentos
- Aquelas que garden relación directa cos tradicionalmente ligados ao asentamento rural de que se trate ou que dean resposta ás necesidades da poboación residentes.

3.2.3. Conservación e recuperación do núcleo da Verea

Co fin de manter a morfoloxía tradicional do asentamento da Verea, como estrutura única para preservar e evitar a maior degradación do núcleo do seu carácter tradicional, permitiranse:

- A reforma e rehabilitación das edificacións tradicionais cando non supoñan unha variación das características esenciais do edificio, non alteren o lugar, o volume ou a súa tipoloxía, mantendo e recuperando os elementos construtivos tradicionais característicos (escaleiras, solainas, portalóns, muros...).
- A ampliación en planta ou altura das construcións tradicionais sempre que non impliquen unha variación na súa tipoloxía.
- As novas edificacións evitarán modificar o perfil tradicional do núcleo, buscando unha implantación no terreo semellante ás construcións xa existentes.
- En todo muro de cantería para rehabilitar ou de nova execución, esixirase manter a mesma tonalidade da pedra existente, coas características e acabados que predominen no núcleo. Os encintados das fábricas de cantería serán a base de morteiros de cal coloreados en tons acordes á pedra.
- As carpintarías exteriores serán a base de madeira pintada ou vernizada e aluminio lacado, con contraventás interiores como elementos de protección solar e eliminaranse as persianas.
- A cubrición dos tellados será a base de tella cerámica curva con canlóns e baixantes de pluviais que serán de chapa metálica de cobre ou zinc con acabado mate e sección preferentemente circular. Os beirados deberán ser acordes á tipoloxía tradicional, e non excederán do plano de fachada elementos estruturais de formigón, nin cornixas, molduras ou elementos decorativos deste material.
- Dado que as edificacións tradicionais non dispoñen de soto, estes quedarán prohibidos no SNRT, si se permitirán as entreplantas unicamente cando as condicións topográficas do terreo

impidan a construción da edificación doutra maneira y computarán como planta. Terá a condición de entreplanta calquera planta soterrada que sobresaia da rasante do terreo nalgún punto deste. Deberanse conservar os exemplares arbóreos presentes no núcleo pertencentes a especies autóctonas, de maior idade e porte. Para todo o demais, estarase ás determinacións esixidas no punto seguinte.

3.2.4. Condicións da edificación

a) Tipoloxía: a tipoloxía característica será a acaroadada. Será obrigatorio acaroar en todos os casos que exista edificación lindeira que presente medianeira no linde. As novas edificacións realizaranse coas características tipolóxicas propias do lugar e estarán encamiñadas a consolidar a trama rural existente. Excepcionalmente, poderán ser exentas as novas edificacións nos termos recolleitos no punto m).

b) Parcela mínima edificable:

A existente, sempre que se consiga dar cumprimento ás condicións de habitabilidade esixidas pola normativa de aplicación. Para os efectos de novos parcelamentos, a superficie mínima da parcela neta será de 300 m² cunha fronte mínima de 10 m.

c) As características estéticas e construtivas:

As características estéticas e construtivas, os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento.

Para os acabados das edificacións empregárase a pedra ou outros materiais tradicionais da propia zona. En casos xustificados pola calidade arquitectónica da edificación, poderanse empregar outros materiais que harmonicen cos valores naturais, coa paisaxe rural e coas edificacións tradicionais da contorna. Recoméndase a utilización da Guía de cores e materiais de Galicia. As medianeiras trataranse como unha fachada máis, segundo as indicacións anteriores.

d) Fondo máximo:

O fondo máximo permitido será de 12 m.

e) Aliñacións e recuamentos: respectaranse as aliñacións grafadas nos planos. As novas construcións situadas en parcelas que limiten co cambio de ordenanza se recuarán deste 3 m como mínimo. As edificacións acaroadadas de nova construción, na súa fachada posterior non excederán en máis de 3 m o fondo máis favorable do inmovible lindeiro, sen que o fondo sexa nunca superior aos 12 m establecidos, recuándose 3 m do lindeiro posterior.

f) Altura máxima da edificación:

A edificación será de planta baixa e primeira como máximo e non excederá nunca máis de 6,50 m, medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ou da estrada ata o arranque inferior da vertente de cuberta.

g) Pendente máxima de cuberta:

Nunca será superior ao 40%. Estará formada por planos contínuos sen quebras nos seus faldróns. Prohibense as mansardas e bufardas. A cubrición será de tella cerámica, excepto en casos debidamente xustificadas e despois da autorización perceptiva do concello. O aproveitamento baixo cuberta será a prolongación da edificación inferior, e recibirá a súa iluminación e ventilación a través dos testeiros e de xanelas inclinadas situadas no plano das vertentes da cuberta. Permitiranse beirados, cuxas condicións construtivas serán acordes coa tipoloxía tradicional existente. En ningún caso poderá exceder do plano de fachada elementos estruturais de formigón, nin cornixas, molduras ou elementos decorativos.

h) Altura máxima de cumieira:

A altura máxima da liña de cumieira será de 3,20 m.

i) Voos:

Non se autorizan novos voos sobre as aliñacións oficiais. A altura mínima dos corpos voados sobre a rasante natural do



terreo será de 3 m que se poderán reducir en reformas de edificacións existentes cando se manteñan a configuración orixinal ou ata unha altura de 2,50 m.

j) A ocupación máxima:

As novas edificacións en parcelas cunha superficie neta maior de 300 m² non poderán superar unha ocupación do 50%, nin 200 m² en planta.

k) Servizos urbanísticos:

Para edificar deberá disporse de acceso rodado de uso público e executarse a conexión ás redes de servizo existentes no núcleo ou nas súas proximidades. De non existir, haberán de resolverse por medios individuais con cargo ao promotor/a e o compromiso de conexión cando se implanten os servizos.

l) Peches:

Os peches de parcela terán unha altura máxima de 1,50 m e poderán elevarse a 2 m con elementos vexetais ou lixeiros. Serán de pedra ou fabrica revestida e pintada e quedan prohibidos os prefabricados vistos.

m) Edificación exenta:

Permítese a tipoloxía de edificación exenta en parcelas con superficie neta igual ou superior a 300 m² sempre que se garanta o cumprimento das aliñacións grafadas nos planos, cuxo recuamento mínimo lateral e posterior sexa de 3 m. Así mesmo, poderanse realizar voos como máximo de 1 m, con tipoloxía aberta (balcón, corredor ou solaina), sempre que garden os recuamentos establecidos. Non se permiten os voos pechados. A altura mínima dos corpos voados sobre a rasante será de 3 m, que se poderán reducir en caso de reformas en edificacións existentes cando se manteñan a configuración orixinal ou como mínimo, ata unha altura de 2,50 m. A edificabilidade máxima permitida será de 0,65 m²/m² da parcela neta. Cando se trate de edificacións existentes permitirase maior ocupación e edificabilidade sempre que non supere a superficie anterior obxecto da renovación. Para o resto das condicións cumpriranse as determinacións establecidas nos puntos c), d), f), g), h), j), k) e l).

3.3. Solo de núcleo rural común (SNRC)

3.3.1. Ámbito de aplicación

Os terreos incluídos no tipo básico cuxa delimitación se atopa grafada en planos como SNRC.

3.3.2. Usos permitidos

Segundo o recollido no art. 25 da LSG e o art. 39 do RLSG:

- Residencial de edificación unifamiliar
- Uso terciario
- Uso produtivo
- Uso turístico
- Actividades artesanais
- Invernadoiros
- Equipamentos
- As que garden relación directa cos tradicionalmente ligados ao asentamento rural de que se trate ou que dean resposta ás necesidades da poboación residentes neles.

3.3.3. Condicións da edificación

a) Tipoloxía:

As novas edificacións serán exentas.

b) Parcela mínima edificable:

A parcela mínima edificable non será inferior a 600 m².

c) Aliñacións e recuamentos:

Salvo as aliñacións consolidadas, os recuamentos con respecto á vía de acceso será 4 m ao eixo da vía e 3 m respecto de todos os lindeiros, salvo no tramo da estrada provincial OU-0518 onde a aliñación para novos peches será cun recuamento de 6 m desde o eixo da vía e a liña de edificación a 7 m desde a aresta exterior da calzada.

d) Altura máxima da edificación:

Non excederá de B+1 e nunca máis de 7 m de altura medida no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.

e) Pendente máxima de cuberta:

60%. Estará formada por planos continuos sen quebras nos seus faldrón e prohibiranse as mansardas e bufardas. A cuberta será de tella cerámica, aínda que en casos excepcionais se poderán empregar solucións e materiais respectuosos, que harmonicen cos tradicionais (zinc, cobre...). O aproveitamento baixo cuberta será a prolongación da edificación inferior e recibirá a súa iluminación e ventilación a través dos testeiros e de xanelas inclinadas situadas no plano das vertentes da cuberta. Permitiranse beirados, cuxas condicións construtivas serán acordos coa tipoloxía tradicional existente.

f) Voos:

Poderanse realizar voos como máximo de 1 m sempre que garden os recuamentos establecidos. Os voos abertos permitiranse coa tipoloxía de balcón, corredor ou solaina. Os voos pechados terán que ser tipo galería ou miradoiro, lixeiros e acristalados. A altura mínima dos corpos voados sobre a rasante será de 3 m que se poderán reducir en caso de reformas en edificacións existentes que manteñan a configuración orixinal ou como mínimo ata unha altura de 2,50 m.

g) Altura máxima de cumieira: a altura máxima da cumieira será de 3,60 m contando desde a cara inferior do último forxado.

h) Ocupación máxima da parcela:

30% e nunca superior a 250 m².

h) Edificabilidade máxima:

A edificabilidade máxima permitida será de 0,45 m²/m².

i) Servizos urbanísticos:

Para edificar deberá disporse de acceso rodado de uso público e executarse a conexión ás redes de servizo existentes no núcleo ou nas súas proximidades. De non existir, haberán de resolverse por medios individuais con cargo ao promotor/a e co compromiso de conexión cando se implanten os servizos. Conforme co artigo 41. 4ª) da LSG, tanto no solo de núcleo rural tradicional como no solo de núcleo rural común, computarán todas as superficies construídas sobre rasante para os efectos de ocupación e edificabilidade máxima permitidas.

3.4. Actuacións incompatibles en solo de núcleo rural

Serán incompatibles as determinacións incluídas no art. 26 de LSG e no art. 40 do RLSG. Así quedan prohibidas:

a) As edificacións características das zonas urbanas e as que xa sexan de edificación, auxiliares ou doutro uso, cuxa tipoloxía resulte impropia coas existentes.

b) Respectaranse as aliñacións e rasantes consolidadas pola edificación, muros e peches tradicionais. No caso de existir discrepancias entre as aliñacións e as rasantes grafadas e as existentes, atenderase á realidade existente.

c) Os parcelamentos que determinen a desconfiguración da tipoloxía do núcleo.

d) As naves industriais.

e) Os movementos de terras que supoñan unha agresión ao medio natural ou que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar.

f) Protexeranse os peches e muros tradicionais existentes. Os novos peches deberán gardar harmonía cos tradicionais.

g) Prohibese a apertura de pistas ou camiños que non estean previstas na delimitación, así como a ampliación dos existentes e o derrubamento de muros tradicionais dos camiños ou carreiros, salvo disposición da delimitación que o autorice.

h) As novas instalacións destinadas á produción gandeira, salvo as pequenas construcións artesanais ou para o autoconsumo.

i) A demolición das construcións existentes, salvo nos seguintes supostos:

- Construcións sen un especial valor arquitectónico, histórico ou etnográfico.

- Todos os engadidos e edificacións auxiliares que desvirtúen a tipoloxía, forma e volume de calquera edificación primitiva ou que polos seus materiais supoñan un efecto distorsionador para a harmonía e estética do conxunto edificatorio ou que non sexan propios do asentamento rural tradicional.

j) Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, no núcleo tradicional estará prohibido: - As vivendas acaroadas, proxectadas en serie, de características similares e situadas en continuidade en máis de tres unidades.

- A execución de actuacións integrais que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo e a destrución dos valores que xustificaron a súa clasificación como tal.

- Os novos tendidos aéreos.

A Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, no seu artigo 34.5 establece que os operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas deberán facer uso das canalizacións subterráneas ou no interior das edificacións que permitan o despregamento e explotación das redes públicas de comunicacións electrónicas. No caso en que non existan as ditas canalizacións subterráneas ou non sexa posible o seu uso por razóns técnicas ou económicas, os operadores poderán efectuar despregamentos aéreos seguindo os previamente existentes.

Igualmente, establécese que, salvo en casos xustificados de edificacións do patrimonio histórico-artístico ou que poidan afectar á seguridade pública, nos casos nos que non existan as ditas canalizacións ou non sexa posible o seu uso por razóns técnicas ou económicas, os ditos operadores poderán efectuar despregamentos por fachadas de cables e equipos que constituían redes públicas de comunicacións electrónicas e os seus recursos asociados. Para o resto das determinacións non incluídas nesta normativa urbanística recorrerase ao expresado no Plan xeral de ordenación municipal de Toén en vigor.

3.5. Edificacións fóra de ordenación e non plenamente compatibles co plan

As obras executadas no núcleo anteriores á aprobación desta modificación puntual que non dispoñan do oportuno título habilitante, terán que iniciar expediente de regularización, baseándose na normativa que se recolle na LSG e RLSG que a desenvolve e no presente documento.

3.5.1. Edificacións fóra de ordenación

Segundo o expresado no art. 153 da LSG e no art. 377 do RLSG, no caso de obras terminadas sen licenza ou incumprindo as condicións sinaladas nela ou na orde de execución, o alcalde ou a alcaldesa, dentro do prazo de 6 anos, contado desde a total terminación das obras, incoará expediente de reposición da legalidade nos termos expresados no devandito artigo. Unha vez transcorrido o prazo de caducidade de 6 anos sen que se adoptaran as medidas de restauración da legalidade urbanística, quedarán incurso na situación de fóra de ordenación e suxeitas ao previsto no art. 90 de LSG e o art. 205 do RLSG que di: “1. Os edificios, construcións e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do plan urbanístico que resultasen incompatibles coas súas determinacións por estar afectados por vías, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos quedarán incurso no réxime de fóra de ordenación. Nestas construcións só poderán realizarse obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, debendo renunciar expresamente os propietarios ao incremento do valor expropiatorio.

3.5.2. Edificacións ou usos anteriores non plenamente compatibles coa modificación puntual

